

NOTA DE PRENSA

As psicólogas e psicólogos galegos revisan a práctica profesional nos centros de recoñecemento

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ofrece este sábado 18 de novembro, o primeiro curso teórico práctico sobre a psicoloxía nos centros de recoñecemento, de especial interese para os psicólogos e psicólogas que exercen neste tipo de establecementos. Con isto o COPG continúa a actualizar as competencias deste colectivo, co fin de proporcionar unha maior garantía profesional nas avaliacións da poboación condutora.

O curso, que transcorrerá ao longo de toda a xornada no Hotel Peregrino (Avda. Rosalía de Castro s/n, Santiago de Compostela) abordará en primeiro lugar a psicoloxía da seguridade, así como a normativa vinculada e os futuros cambios legislativos que se prevé entren en vigor na nova lei de tráfico en 2018. Tamén se traballarán as funcións e os ámbitos de actuación dos centros de recoñecemento e aqueles instrumentos de avaliación que se adoitan empregar.

Terá un enfoque eminentemente práctico, xa que as persoas asistentes poderán realizar prácticas con materiais psicotécnicos e interpretar os datos obtidos. Outro aspecto a tratar serán as restricións e adaptacións que poden impoñerse ás persoas que non están en condicións idóneas para conducir, como recurso útil para permitir unha mobilidade máis segura, controlada ou reducida.. Por último, explicarase o potencial do modelo neuropsicolóxico como futuro na avaliación psicolóxica das actividades de risco e responsabilidade.

A docente será a psicóloga María Jesús Sánchez Peteiro, Máster en Psicoloxía de Tráfico e da Seguridade, directora dun centro de recoñecemento X con máis de vinte anos de experiencia en avaliación e intervención, así como formadora en diversos ámbitos relacionados coa seguridade viaria. Este curso está organizado polo Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e ten a súa orixe na gran preocupación dos e das profesionais polo rigor nas avaliacións que realizan.

Ademais tamén se presentará ás persoas asistentes, así como a todos os membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade de toda Galicia, a proposta para compoñer unha comunidade científica desde o ámbito laboral, para compartir datos estatísticos e acercarnos máis ao estudo cualitativo e cuantitativo da poboación condutora galega de cara a poder achegar ás administracións propostas de prevención axustadas, como pode ser a conducción das persoas maiores, de profesionais, de noveis, etc.

Ao mesmo tempo, desexamos expresar a nosa solidariedade coas vítimas dos accidentes de tráfico, que se conmemora no terceiro domingo de novembro.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal

Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela

www.copgalicia.gal